


O ENXOVAL da noiva

Víctor F. Freixanes



galaxia·narrativa

O ENXOVAL DA NOIVA

l i t e r a r i a

Esta versión parte da 2ª edición impresa en Editoria Galaxia en 1989

1ª edición, 1988
1ª edición dixital, 2010

© Víctor F. Freixanes, 2010

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2010
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-955-9

Víctor F. Freixanes

O ENXOVAL DA NOIVA

GALAXIA

para Xosé Luis Fernández Castro,
que non a puido acabar.

Defalli caritat, leyaltat, justicie e veritat en lo mon: comensa enamistat, desleyaltat, injurie e falsetat, e per ayso fo erro e torbament en lo Poble de Deu, qui ere creat per so que Deus sie amat, coñeçut, honrat, servit e temut per home.

(Faltou a caridade, a lealdade, a xustiza e a verdade no mundo; e apareceu a enemistade, o engano, a inxuria e a falsidade; e de aí veu moito erro e confusión no Pobo de Deus, que foi creado para que os homes O amasen, coñecesen, honrasen, servisen e temesen).

Ramon Llull.
Livre de l'Orde de Cavaylerie

O voi che per la via d'Amor passate...
Dante Alighieri.
Vitta Nuova.

Andrómena primeira

VISIÓN DO MUNDO DENDE AS VARANDAS

1

¡Tempo de Entroido! ¡Xa en Roma se anuncia o Carnaval! Unha máscara trouleira, toda vestida de colorado, axóuxeres nos pés, brinca pola porta de Sant'Angelo cun facho na man, fai unha cortesía e cruza á carreira a ponte antiga do Tíber que leva á cidade. Pensade nos exércitos de romeiros e peregrinos que veñen de todas partes do mundo. *Mirabilia Urbis Romae*... Imaxinade os camiños, as veigas e as vilas de paso cheas de xente a andar, voces de arrieiros, mozos e vellos, carretas e cabalgadas. ¿Onde é que ides, romeiros, que tan lixeiro alancades? ¡A Roma! ¡A Roma, que son as vodas da fermosísima Lucrecia co señor vinculeiro de Ferrara! ¡A Roma, que xa empeza o Carnaval! Senlleira e soberana, alabarante, magnífica, cabeza das vilas e das cidades todas, embocadura de destinos, lámpada do Universo, a cidade dos Pontífices e dos antigos césares viste as súas mellores galas. A derradeira luz do solpor pon un relostro de agonía nas cúpulas, torres e campanís das sete basílicas de Constantino. Unha bandada de paxaros voa lixeira sobre da sombra enorme do Coliseo, que mesmo parece un gran rinoceronte dormido, e o mundo é un gran teatro, un inmenso e espléndido teatro. *Quando stat Colissaeus stat et Roma...*, dicían os vellos. No arco de Tito os escravos hebreos levan ás

costas os tesouros e o botín da Xerusalén vencida. *Quando cadet Roma, cadet et Mundus...* Deus nos pille, chegado o caso, confesados.

Aínda a escola de Bernini non chantou nas varandas da ponte os dez anxos custodios que tanto admiran hoxe os visitantes. A máscara de Entroido fai a súa representación coma figura única á vista de toda a xente: romanos das máis diversas clases sociais e dos máis variados oficios que veñen á porta do antigo mausoleo dos emperadores, agora castelo dos Papas, para asistiren ó anuncio público e solemne do Carnaval e as magníficas terceiras vodas de Lucrecia Borgia, primeira protagonista da presente historia. Deixádenos, pois, vivir a festa, as horas felices de don Carnal e a fermosísima desposada. Xa virá logo o tempo do xexún e máis da penitencia. ¡Todos somos comparsas! ¡Todos imos namorados! Esta é unha andrómena de amor e milagres no marco esplendoroso dunha Nova Idade. Un novo mundo abrolla das cinzas do mundo antigo e xa nada volverá ser coma noutrora foi, nin os mapas da terra, nin os camiños do mar, nin o corazón dos homes, que cren de cada vez en menos cousas. Tamén é unha historia de odios e xenreiras, pecados feroces, secretas vinganzas e moita desesperación. A máquina da ambición e da furia, por riba do tempo e das súas mudanzas, permanece.

Hai cacharelas e lumieiras nos altos do monte Ianículo, nos xardíns de César, e tamén nas encostas do Aventino, xa entremurallas, onda as termas de Decio e o vello templo de Xuno. Veñen barcas polo río. As dúas beiras do Tíber aparecen enfeitadas de luces, fachas e farois multicolores, música de laúdes, violas, frautas, pífanos, pandeiros e ferreñas populares, voces e cornetas. Un rosario de fogueiras acende unha festa luminosa dende os peiraos da Ripetta ás pedras do teatro Marcelo, dende a porta Flaminia á de San Pancracio, e Roma vive, bole,

troulea e participa. Do lado dos moinantes e da xente do común, da par dos artesáns, dos músicos e dos peregrinos, vense as capas do señorío, as armas das grandes familias, o veludo e maila púrpura dos príncipes, as máscaras das princesas labradas con fino pan de ouro á maneira florentina, disimuladas baixo das toucas de seda, veos e carapuchas coloradas. Grandes e pequenos, ricos e pobres, nobres e vasalos, a todos iguala o Carnaval, a festa do Señor Entroido, a grande representación do teatro do mundo, que vive horas ben sinaladas.

—¡Longa vida e saúde ós embaixadores do Gran Duque!

—¡Paso ós señores príncipes!

Precedida de bandeiras, heraldos, voces e insignias bordadas, ouro e seda, picas e alabardas, guirnaldas de flores e grande aparato de fantasía, entra a comitiva solemne de don Hipólito, don Ferrante e don Sexismundo de Este, gallos floridos do vello e admirado Hércules, o Gran Señor de Ferrara, e irmáns de don Afonso, o vinculeiro da casa, que anuncia casamento por poderes coa filla do Papa de Roma. Cincocentos cabaleiros, infantes e servidores forman a embaixada que hai tres semanas saíu das terras do norte, á beira do Po di Volano, para, cruzando eidos, marcas e fronteiras, vir desposar solemnemente a princesa. ¡Xa se ven as altas insignias pola Porta de Santa María! Desque o Papa Borgia anunciou ó mundo o terceiro casamento da súa filla co rico príncipe herdeiro aquí non para ninguén. Trece días de festa rachada. Trece días sen contar os preparativos, asuntos previos, nervos e amonestacións, que tamén as houbo, e non sen escándalo, pois nas embaixadas alguén quixo avivar cartas de protesta contra a alianza e nalgunhas igrexas os soldados do Valentino tiveron que escorrentar a ferro e mocadas grupos de axitadores. Pero son os tempos. Nada que non se poida arranxar. Heraldos e voceiros de San

Pedro recorreron as prazas da cidade convocando os romanos para o grande suceso. Pola Romaña toda, en Capua, en Pombino, en Pesaro, onde aínda hai pouco as armas pontifíceas arrasaron, estragaron e mataron os seus habitantes —comandadas polo terrible Anticristo— e cando aínda fumegan as fogueiras da masacre, os pregoeiros anuncian agora a voda da princesa, futura duquesa dos ferrareses, e o Papa valenciano parece decidido a asombrar o mundo co grande espectáculo da súa magnificencia.

"¡Grandísimo pecador! Xa quixera poder el enterrar baixo sete pirámides de ouro toda a vergonza e a ignominia que campa no seu apelido. Aínda está fresco o sangue dos inocentes", pensan algúns. Pero calan. O medo pide moita prudencia e pon mil pechos nas bocas. As armas dos Borgia, grandes cornas de bois de Levante bañadas de pan de ouro, presiden fachendosamente as portas e os camiños que levan á Urbe. Semellan enormes ídolos, totémicos atributos dalgún deus pagano, orgulloso e cruel, que dispón ó seu albedrío das vidas e das facendas todas. Nunca no mundo señoreou tanto a loucura. Chegaron un día das terras de Aragón, de Xátiva e de Valencia, sentaron na Cadeira de Pedro, cabeza da Igrexa de Roma, solio dos Santos Mártires, e en pouco tempo fixéronse os amos, extranxeiros, feroces, falando catalán entre eles. ¡A ver quen os desmonta agora! Así escarmenta Deus Noso Señor a vella arrogancia dos romanos e os gravísimos pecados da Cristiandade extraviada, humillada polo tirano que merece. Todos agachan a propia vergonza. Ninguén di o que pensa. O medo goberna o mundo. E César, o touro bravo das devesas levantinas, manda aparellar cos atributos da casa, para maior escarnio, pórticos e encrucilladas, estradas, varandas e xardíns, as fachadas e as torres da muralla, o dosel das cortesanas e o campo das batallas, pois así anuncia

solemnemente a grande festa dos esponsais da súa irmá querida.

—¡Ben sei o que din de nós: velaí os grandísimos fillos da puta Vannoza, candonga e amiga do Papa de Roma, ben armados cos atributos da familia!—, berra o xeneral dos exércitos do Vaticano alzando a copa de viño de Calabria—. ¿E por que non? ¡Aquí estamos! ¡Cornudos vellos, que a liñaxe vén de atrás! ¡Caste de lobos que habedes de aturar e compracer pola conta que vos ten! ¡Ai de vós, malpocados, se non entrades polo dereito!

Corre o viño polas mesas e os tapetes bordados. Homes vestidos de guerra cantan e aplauden as voces do seu capitán, que pide máis de beber batendo co cubilete nas madeiras e ve entrar pola porta, entre músicos e mulleres, ó seu fiel Micheletto, don Miguel de Corella, home de confianza da casa. Trae as botas cheas de lama, o pelo crecho, ollos acesos, e por onde el pasa ladran os cans, véntase a morte negra.

—Onte forzamos as portas dos dominicos de San Cosme, San Florián, San Dámaso e a Santa Croce. Xa non hai resistencia, meu señor. Cada quen, no seu sitio.

—Xente inimiga eses dominicos...

—Eu mesmo dirixín as operacións de castigo e escarmento dos priores. Houbo que esganar algúns frades fanáticos á vista da comunidade, porque non nos querían deixar entrar. Pero todo está calmo agora coma unha balsa de aceite.

—Traballas ben, Micheletto. ¡Servídelle ó meu capitán unha copa de viño! Quero recibir os nosos novos amigos, os señores de Ferrara, cos meus estados en paz, en orde e sen algueiradas. Hai moito fanático. Deus está por riba destas miudenzas e, ó final, non os ha botar de falta. ¡Salute!

—¡Salute!

Os soldados e as mulleres alzan as copas á voz de César. Tamén don Miguel de Corella, alcumado o Micheletto, que vén suxo da campaña e trae secura na gorxa, brinda polas almas dos finados. A furia da batalla dá sede. Relumbran as fibelas, os broches e as lentexoulas nos decotados vestidos das cortesanas. Risas. Peliscos. As festas do Borgia son as mellores. Nunca estivo tan alto. E aínda máis que subirá. Con el van os máis bravos mastíns da guerra: Vitellozzo, Gian Paolo Baglioni, Hércules de Bentivoglio, Alexandre Farnesio, Achille Tiberti, sonorosos apelidos das familias romanas, ben mantidos, ambiciosos e non menos feroces có seu capitán. Compiten entre si a valor e crueldade. Véselles nos ollos, que non paran, sempre aquí e alá, e no xeito de se moveren, coma gatos, e nas falas, e nas mans, e o de Valentinois bole e goberna neles coma o vello lobo na manada: xeneroso, opado, pero tamén espreitante e atento a reo a tódolos movementos, acenos ou miradas, pois el sabe que a lealdade dos homes é mudable e tornadiza, fráxil de máis nestes tempos que corren, e que coa mesma vontade con que hoxe o serven, mañá, en chegando o caso, tamén o traicionarán.

"Somos trece", di o xeneral cruzando de parte a parte a mesa das viandas cunha rápida ollada. "Tamén eran trece na mesa aquela do Noso Señor. A saber onde aniñará a traición agora". E canta en voz alta o nome dos seus soldados: ¡Godofredo! ¡Giuliano! ¡Vitelli...! Algúns protestan. Outros, e non por iso son de menos fiar, aguántanlle a mirada. Aínda están quentes as últimas victorias que manteñen aceso o orgullo dos capitáns. ¡Trece son as caras do Diaño! ¡Trece as bocas do Inferno! "¡Viva o noso xeneral! ¡Viva a nova Italia", corean as voces. Unha presada de moedas de ouro corre entre os pés dos bufóns ananos que alegran a festa. Cae da mesa unha viola no rebuligar da esmorga e ó bater contra o lousado escacha

cun acorde desharmónico e abrouxador. "¡Viva a princesa de Roma!".

Na beira esquerda do río, na grande campa que se abre ó pé da antiga ponte de Helios, os carpinteiros pontificeos armaron durante varios días o magnífico estaribel da familia: varandas, pendóns, bandeiras e gallardetes, esteos e escalinatas, frontóns e tímpanos de madeira labrada, pintada de ouro e de púrpura coas armas da liñaxe levantina: ¡os cornos de César! Cada familia levanta o seu propio estrado, elegante tarima dende a que presenciar a procesión fluvial das barcas e os figurantes: o abondoso espectáculo do Entroido romano. Bolen músicos e comparsas. E a xente do común, a plebe, asoma ás portas das baiucas, arreconchégase contra os muros das casas e agatuña polas cercas e as escadas para ver mellor, pois xa entra pola Porta del Popolo a espléndida comitiva.

"¡Velaí van os príncipes novos! ¡Que guapos! ¡Que galanos, tan pintureiros...!", comenta o vulgo afervoado, sempre dado a admirar a grandiosa exhibición dos poderosos. ¡E velaí o cardenal Hipólito! Micheletto, xefe da garda privada do terrible César, limpa cun pano a folla da espada. A xente quere saber, brinca de entusiasmo, puxa e avanza polas rúas detrás da embaixada. "¡Xa están aquí!". Dende o interior dos salóns pasa agora a festa ás varandas, debrúzase nos balcóns para mellor enxergar o paso do cortexo que dende horas antes agarda polos compromisos do protocolo alén da grande porta das solemnidades, a antiga porta Flaminia, largo principal de tantas e tan brillantes cabalgadas, e vense cruzar os ferrareses por diante de Santa María, pola vía do Corso cara o Campo di Fiore, atronando o mundo co balbor dos atambores, o rebumbio das armas e o son metálico da súa fastuosa trompetería. ¡Que espléndida batifoula! Nubes de flores e confetti miudo caen dende as fiestras e os tellados sobre os nobres señores. ¡Longa vida e ventura para

os príncipes de Este! Veñen bandeiras, músicos e titiriteiros. Arden fachas e lanternas a ámbolos dous lados da marcha. Aturuxan os amigos, admíranse os inimigos, que para todos hai, e pregunta unha dama de galdrumeiros ollos que se axita e rebole entre os brazos de dous privados:

—¿E el quen será ese espléndido cabaleiro, tan lanzal e ben armado, que vén na procesión?

No lugar principal, escoltados entre insignias e alabardas, picas e pendóns de gala, van os irmáns máis novos do vinculeiro da casa, don Ferrante e don Sexismundo de Este, dous mociños que o representarán na cerimonia das vodas. Catorce e trece anos. Para eles este é o principio do mundo. Ámbolos dous dende o primeiro día han ficar prendados da súa fermosísima cuñada, enguedellados na aura dourada da súa extraordinaria beleza. A seu carón, maiestático e solemne, can vello desta mesma camada, o cardenal Hipólito, tamén irmán de don Afonso, vestido de gran cerimonia, lucindo ampla capa de púrpura coas beiras e os baixos bordados de ouro. Pero quen chama a atención da descoñecida dama e de tódolos presentes é aquel que vén inmediatamente detrás: príncipe misterioso, paladín que avanza coma unha representación antiga enriba dun elegante palafrén de campaña.

¡Que porte! ¡Que magnífica aparencia! Vai todo de branco: branca a figura, branca a fardamenta do cabalo, branco o arnés, a lanza e mailo escudo que leva no brazo. A súa armadura, moi finamente labrada, é de prata case cegadora, limpa coma un cristal de xelo, refulxente, albo penacho no curuto do casco e longa capa de armiño que cae por detrás e cobre as coxas da montura. Leva a viseira alta, puño de marfín na espada, e o seu rostro, que xa non é o dun mozo, radia unha luz extraña, relumbra e cega os ollos coma o sol da invernía nas chairas nevadas da terra boreal, aura luminosa do país dos hiperbóreos. Iso é

o que máis asombra del: o resplandor que lle nace da cara.

—¡O príncipe de Thule!

—¡O cabaleiro de Capa de Armiño! ¡Mirade como relumbra!

Alleo á curiosidade e á admiración que provoca, acaso afeito doutras veces a semellantes manifestacións de pasmo, o cabaleiro Tristán Britano, que tal é o nome do senlleiro personaxe, soldado ó servicio do Gran Duque de Ferrara, avanza a paso de andadura detrás dos seus señores, serio, impasible, coma unha figura de mármore ou diamante labrado. Abofé que nunca un soldado presentou tanta elegancia, tanto esplendor e solemnidade xuntas, que nin sequera aquí, na capital do mundo, é cousa doada de encontrar. E todos admiran a súa gallarda presencia na cabeza da comitiva. O resto da embaixada vai detrás. "¿Quen será? ¿Quen pode ser?".

Xa chegará o momento de ocupármonos diso. Non acaba aquí a historia nin tampouco a solemnísima romaría, que no seu principio estamos. Moito queda por ver e admirar. Armas e insignias moi ricamente guarnidas acompañan a imponente marcha que aparatosa se exhibe polas rúas e as prazas da Urbe, cruza a ponte tiberina e avanza cara as encostas do Vaticano no medio da máis grande espectación. Detrás do soldado, detrás do cardenal e os señores príncipes, detrás das bandeiras e as artísticas ouriflamas, veñen as razóns e os negocios do Estado.

Este que aparece agora é don Lucas Castellini, señor de Pontremoli, importante cabaleiro ferrarés, conselleiro do Gran Duque Magnífico e disque principal negociador do pacto entre as familias. Diso se chufa diante dos seus privados. Quere capelo de cardenal para si. Deixádeo ir... Trae liteira, secretarios, gardas e criados de seu, con armas e colores propias, coma cómpre a persoa de moito

rango, e avanza na xerarquía do cortexo detrás dos príncipes da casa. Dentro do mesmo grupo, pero nun segundo plano: os señores Berlingeri e Saraceni, don Héctor e don Xerardo. Son dous axentes que o vello Hércules mandou por diante tres meses atrás para concertar os detalles e a redacción dos contratos. Toda Roma os coñece: releóns, tozudos, pesando cada vara de pano, cada sinecura e cada ducado con arte de mercaderes, incansables, inamovibles ata a desesperación defendendo cada posición conquistada no trato, fardados agora de riquísimo veludo. Non están ben vistos. Non é de bo gusto ese armar e desarmar, facer e desfacer, puxar, ameazar, arrebuñar, traer o ouro e maila prata dos negocios nas uñas e nas costuras do saco, que ¡mesmo os propios banqueiros do Vaticano se escandalizaron! Pero a eles debe o ferrarés a mellor tallada. Eles fixeron o traballo suxo. Eles contaron os ducados un por un, bolsa por bolsa, e as xoias, e as alfaias, e as camisas, e os panos. ¡Poden estar satisfeitos, abofé, que non as tivo mellores a Sforza cando matrimoniou co emperador de Alemania, e ben marecen figurar en lugar moi principal no medio do desfile! Toda a nobreza de Ferrara vai representada na comitiva: o bispo Nicolás María de Adria, Meliaduse o de Comacchio, Nicolás Corregio, curmán de don Afonso, que é músico e trae sona de poeta, e Aníbal e Antonio Bevilacqua, e Xoán e Xerónimo Roverella, e Xerardo e Guido Rangoni, e moitos outros señores coas súas insignias e as súas compañas.

—Ben lle debe prestar o negocio ó ferrarés para lixar así tan ilustre apelido, enzoufado en semellante casorio.

Tamén as vellas familias están aquí, os vencidos, os humillados do Borgia, que para todos é arestora a folía. Xa sabemos como pensan. Falan, rosman para si. Pero figuran entre os presentes, participan do espectáculo e, polo que aínda poidan perder (que poden perdelo todo),

ninguén ousa dicir palabra. Ninguén dá a cara. As vellas familias romanas aturan en silencio e con resignación a tiranía dos valencianos, amos do galiñeiro, e o temido Borgia —máis arroutado e feroz a cada día que pasa— ten un espía en cada casa, un confidente en cada alcoba matrimonial e un solimán ou estilete sempre a punto para o corazón dos seus posibles inimigos, confesos ou sospeitados. Os barqueiros do Tíber levantan cada mañá os cadáveres das víctimas nocturnas que durante algunhas horas fican estirricadas na herba á beira do río, expostas á curiosidade pública mentres algún familiar ou amigo non aparece para identificalas e dar cristiana sepultura. As troitas, os esturións e as lampreas teñen aquí unha carne doce e delicada que disque vén da boa mantenza que levan. Non hai río no mundo coma este, con tanta nobreza e tanto apelido debaixo das augas. Vivimos tempos difíciles. Ninguén libra das sospeitas. Ninguén se fia de ninguén. Nin sequera o noivo, don Afonso, príncipe vinculeiro, que manda ós seus irmáns a que o representen na cerimonia das vodas e anuncia que el agardará pola desposada no castelo de Bentivoglio, onda o seu cuñado, sen sair dos seus eidos, polo que poida pasar, confiada a fermosísima Lucrecia ós coidados do cabaleiro da Capa de Armiño, o máis fiel, casto e arrichado dos seus soldados.

—¿E quen é ese señor Tristán que tan altaneiro entra na capital dos Césares?—, pregunta daquela o Borgia dende a varanda do pazo, pois tamén el presencia a solemne entrada.

—Un vello, meu señor—, di o de Corella, que nunca se afasta do seu lado—. A el confía o de Ferrara o honor e a seguridade da vosa irmá, a princesa.

—Mal han de ir as cousas no mundo, abofé, cando un home no mellor da vida delega os seus deberes en semellante espantallo.

Dende o salón veñen as risas da festa, o bafo quente do viño e da canela, do loureiro e das carnes asadas, voces de mulleres e de soldados. A embaixada do Gran Duque cruza por baixo das varandas e César, acochado na altarima, olla o paso cerimonioso dos seus novos aliados. Non gosta da admiración que provoca na xente o cabaleiro. Moito arruallo, moito aparato e fachenda para un capitán de provincias... Algo hai nel que o fere e desacouga dentro, pero aínda non sabe o que pode ser. Micheletto, gato de presa, coñece ó seu señor e adiviña a xenreira nos seus ollos, o lume ciumento e rancoroso da súa mirada miñata.

—O príncipe don Afonso ten medo de acabar coma o Sforza ou coma o aragonés, os seus precedesores no amor da divina Lucrecia. E non se fía.

—Del depende que non teñamos que chegar a tanto.

2

Durante case seis meses os banqueiros e os tesoureiros dos dous estados negociaron e relearon coma lerchas —compoñendo e recompoñendo mil veces as negociacións— o magnífico dote que o Pontífice Alexandre VI aporta ó casamento da súa filla querida: douscentos mil ducados de ouro, dez cofres de xoias e alfaias, panos e damascos, enxoval de mil bordados, rendas e fantasías, sedas, relumbrantes baixelas de prata, dous castelos, catro torres de defensa, soldados de pago, tres capelos cardenalíceos e importantes exaccións no tradicional pago do tributo que o señorío de Ferrara viña abonando cada ano ó Pontificado. Durante case que seis meses foron e viñeron os recados, entraron e sairon as partes, puxaron, mediron, armaron e desarmaron con verdadeira ferocidade e oficio de mercaderes. E había que ver as embaixadas dos banqueiros ameazando, alporizándose por mil, dez mil ducados arriba ou abaixo, unha torre na fronteira, unha tropa de suizos, varas de pano de Francia, labras florentinas, foros e testemuñas, e as conversas que se rompían e había que volver compoñer, e as cartas, e os correos, e os recados a cruzar Italia... Todo por unha princesa viuva. Fermosa e viuva, que nin sequera o Papa de Roma casa de terceiras unha filla se non pon o que hai que poñer.

—Tamén o noivo coñeceu esposa.

—Non é o mesmo. A muller, perde.

—¿Que ha de perder esta, abofé? ¿Vestes figura máis galana, corpo máis xentil, rostro mellor parecido? ¿Hai no mundo ollos máis meigos e engaioladores?

—Teñen o engado da traición que acena ó pescador no fondo das mareas. Así eran os ollos das sereas que veu Ulises na súa navegación, belos e pezoñentos. Así é a mirada da serpente.

—¿E o dote? ¿Que outra raíña, señora ou princesa foi tan espléndidamente adornada?

—A prata de Xudas.

—Deixárame ir a min a Fortuna preso nesas cadeas.

—Xa foron dous: primeiro o milanés. Logo, o bastardo de Nápoles. E agora, o de Ferrara.

—Ela é a princesa de Roma.

—¿E que é Roma? A boca do Inferno.

Don Afonso, o vinculeiro de Este, ten vintecinco anos. Disque é un home triste. A tristeza dos gobernantes mata os reinos, mirra as colleitas e acaba por consumir tamén ós gobernados, que apodrecen por fóra e por dentro sen remedio. É para se preocupar. A noiva ten vinteún. Ámbolos dous xa coñeceron antes esposa e marido. O ferrarés casou moi novo con dona Ana, unha Sforza, irmá daqueloutro terrible príncipe Galeazzo, duque de Milán, e a pólvora de Ferrara durante cinco días atronou o mundo en honor dos adolescentes. Era unha alegría velos, que dende nenos estaban para acabar así, un polo outro, atal acordaran as familias; e o vello Hércules, o Gran Duque, sentíase feliz.

Seis anos despois todo era diferente. O príncipe ficou só. Ela morreu de parto, sen fillos, pois mesmo o pequeno que traía veu morto tamén, e aquí empezou a tristeza. As bombardas do castelo Tedaldo, a casa dos ferrareses, enmudeceron. Disque a dor de don Afonso foi daquela tan